

# XXVII LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PE 2018

## NORMAS ANUAIS

Aprobadas na Asamblea Xeral de 16 decembro 2017, e modificadas na Asamblea Xeral de 21 xaneiro 2018

### ÍNDICE

1. DENOMINACIÓN.....	2
2. ORGANIZACIÓN .....	2
3. INSCRICIÓNS .....	2
4. CATEGORÍAS .....	2
5. ENTRENOS EN MAPAS DE COMPETICIÓN.....	3
6. <i>RANKING</i> DA LIGA GALEGA.....	3
7. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL.....	5
8. CLASIFICACIÓN POR CLUBES.....	5
9. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS.....	5
10. ENVÍO DE RESULTADOS Á SECCIÓN DE RANKING .....	6
11. XURADO TÉCNICO .....	6
12. SUSPENSIÓN DE PROBAS.....	6
13. RECLAMACIÓNS .....	7
14. DISPOSICIÓN FINAL .....	7
ANEXO 1. CATEGORÍAS E COTAS 2018.....	8
ANEXO 2. CALENDARIO XXVII LIGA GALLEGA.....	9

## 1. DENOMINACIÓN

XXVII Liga Galega de Orientación a Pe, tempada 2018.

## 2. ORGANIZACIÓN

A organización estará a cargo da Federación Galega de Orientación e, no que se refire as probas, dos clubs que a compoñen.

## 3. INSCRICIÓNS

**3. 1.** As inscricións de deportistas serán realizadas **a través dos clubs** ós que pertencen os corredores, con indicación do nome, apelidos, categoría, e número de licenza federativa e de dorsal na Liga. A falla de calquera destes datos fará a inscrición nula. Os clubs terán que utilizar o **formulario oficial** de inscricións que lle facilitará a FEGADO.

Cada corredor con licenza federativa en vigor para a tempada 2018, disporá dun **dorsal oficial** para toda a Liga, que será obrigado levar visible no peito nas probas en que participe. Como excepción, a Dirección Técnica da FEGADO poderá autorizar o uso doutros dorsais en probas con patrocinio específico. Non se dará saída sen dorsal. Abonarase unha cota se é preciso repoñelo. *Ver Anexo 1.*

Os non federados poderán correr sen dorsal.

**3. 2.** As inscricións de corredores federados deberán ser efectuadas **antes do domingo**, ás **23:50** horas, da semana da proba. Máis tarde, o club organizador poderá non aceptalas ou consideralas «con recargo». **Como norma xeral, no se admitirán solicitudes de franxa horaria de saída, excepción feita de casos moi xustificados ou de forza maior, sendo debidamente expostos de forma pública.** *Ver Anexo 1.*

**3. 3.** Os deportistas non federados terán que inscribirse obrigatoriamente antes do **domingo**, ás **23:59** horas, da semana da proba. O club organizador xestionará a súa **licenza de proba**, que inclúe o seguro correspondente. *Ver Anexo 1.*

**3. 4.** Facilitarase a inscrición por parte de tódolos clubs a aqueles deportistas federados de clubs non FEGADO (**facendo constar en todo caso o seu club de pertenza ou o seu carácter independente**), e ós non federados que se inicien na orientación.

**3. 5.** A organización de cada proba, na medida do posible, facilitará antes do día da proba as horas de saída ós clubs, vía web FEGADO.

**3. 6.** Os responsables da organización das inscricións de cada competición poderán esixir a presentación da licenza a tódolos deportistas co fin de confirmar a axeitada inscrición. En casos especiais, poderá dar fe da corrección dos datos o delegado do club, que terá que estar debidamente acreditado e identificado.

## 4. CATEGORÍAS (*ver Anexo 1*)

4. 1. Para facilitar a organización das probas de Liga, así como a elaboración do *ranking*, os participantes agruparanse en categorías.

4. 2. O club organizador dunha proba pode preparar tantos percorridos como considere oportuno, tendo en conta as seguintes categorías:

Iniciación curta  
Iniciación longa  
ALEVÍN M-12, ALEVÍN F-12  
INFANTIL M-14, INFANTIL F-14  
CADETE M-16, CADETE F-16  
M-18, F-18  
**M-50, F-50**  
M-45, F-45  
M-40, F-40  
M-35, F-35  
M-21B, F-21B  
M-21A, F-21A  
E, F-E

4. 2.bis. Elaborarase un *ranking* oficial para cada categoría enriba citada, coa excepcións das Iniciacións, curta e longa, consonte ó disposto no apartado 6.

4. 3. Un deportista federado que así o considere, poderá participar nunha categoría inferior á que lle corresponda, considerando fóra de competición (FC). Poderá participar dentro de competición en calquera categoría que lle corresponda, aínda que para o *ranking* galego será de aplicación o contemplado no apartado 6.

4. 4. Os deportistas non federados, independentemente da idade, so poderán inscribirse para participar na categoría de Iniciación Curta ou Longa.

## 5. ENTRENOS EN MAPAS DE COMPETICIÓN

(Sen contido)

## 6. RANKING INDIVIDUAL DA LIGA GALEGA 2018

### 6. 1. Requisitos para que un deportista poda figurar no *ranking*:

- Pertencer a un club de orientación da FEGADO, **con licenza por él**.
- Participar na categoría correspondente á súa idade, ou ben nalgunha de nivel superior: a) de idade superior ata M/F-21 (inclusive) se é menor de 20 anos (inclusive); b) de idade inferior ata M/F-21 (inclusive), se é maior de 35 anos (inclusive). *Ver Anexo 1*.
- Ter licenza federativa en vigor para a tempada **2018**.

As puntuacións dun deportista empezarán a ser válidas para o *ranking* da Liga Galega a partir do momento en que cumpra os requisitos anteriores.

### 6. 2. Probas puntuables:

Para a tempada **2018** hai inicialmente un total de **8** probas que puntúan para o *ranking*. Cada corredor sumará os puntos dos mellores resultados obtidos, tomando os correspondentes ó 70

por cen do total de probas, redondeando o decimal ó enteiro máis próximo (para 9 probas, puntúan 6 resultados; para 10 probas, 7 resultados; para 11 probas, 8 resultados; para 12 probas, 8 resultados; e así sucesivamente).

### 6. 3. Sistema de puntuación:

Proba diúrna individual tipo clásica, media ou sprint:

Ó vencedor dunha proba, nunha categoría, outorgaráselle a cantidade de 100 puntos. O resto de corredores da categoría puntuarán en función da diferenza de tempos con respecto ó gañador, e en base á seguinte relación:

$$\text{Puntos corredor} = (\text{Tempo gañador} / \text{Tempo corredor}) \times 100$$

O número de puntos obtido será redondeado a número enteiro.

Proba diúrna individual tipo scoring:

Ó vencedor da proba, nunha categoría, outorgaráselle 100 puntos para o *ranking*. O resto de corredores da categoría puntuarán en función da diferenza de puntos con respecto ó gañador, e seguindo a seguinte relación:

$$\text{Puntos corredor} = (\text{Puntuación corredor} / \text{Puntuación gañador}) \times 100$$

O número de puntos obtido redondearase a número enteiro. Se a puntuación na proba dun corredor foi inferior a 0, entón para o *ranking* aplicaráselle unha puntuación de 0.

- Os deportistas que non rematen axeitadamente unha proba aparecerán nos listados coma “descalificados” (DESC).
- Os deportistas que tomando parte na proba se retiren antes de finalizala aparecerán nos listados como “retirados” (RET).
- Os deportistas que non se presenten á proba aparecerán nos listados coma “non presentados” (NON PRES). Non recibirán puntuación.
- Os participantes fóra de competición (FC) non obterán puntuación algunha para o *ranking*.
- **Só se pode puntuar nunha categoría**, tanto para o *ranking* individual coma de clubs. Se un corredor participa en varias, ás que poda ter dereito, antes de celebrada a 5ª xornada o seu club deberá notificar ó responsable de *ranking* da FEGADO a categoría na que se incluírá ó corredor. En caso de non facelo, será incluído naquela categoría en que máis teña competido. Serán anuladas nos dous tipos de *ranking* as puntuacións obtidas nas outras categorías en que puidese ter participado.
- Todo participante inscrito que tome a saída recibirá un mínimo de 10 puntos.

### 6. 4. Probas anuladas:

Unha proba ou categoría será anulada, unha vez celebrada, cando así o decida o Xuíz Controlador de dita proba.

Se unha proba ou categoría é anulada, unha vez que se celebrou, aplicarase ós afectados un factor de corrección. Este factor será igual á media de puntos, de ata os 4 mellores resultados obtidos ó longo das competicións que forman parte da Liga nas que teña participado.

Na confección do *ranking* non se porá límite ó número de probas anuladas para as que se outorga un factor de corrección.

## 6. 5. Organizadores:

Aqueles membros do club organizador que estiveran implicados en tarefas que lles impidan tomar parte na proba, poderán obter unha puntuación coma organizador nun máximo de dúas, segundo o seguinte:

*aplicaráselle un factor de corrección, ó final da liga, que consistirá en asignar coma puntuación para a proba organizada un total igual á media, do 40% do total de probas da Liga, das súas mellores puntuacións (se ten so o 40% ou menos probas realizadas, será a media de todas; se ten máis do 40%, será a media das mellores). Para a proba organizada aplicarase un mínimo de 40 puntos.*

O número máximo de deportistas que poden obter unha puntuación coma organizador por proba será de 10. Non se inclúe neste cupo ó Xuíz Controlador, ó que tamén se lle aplicará o mesmo factor, podendo éste sumar ata tres probas con factor, das que dúas como máximo como organizador.

Soamente poderán obter unha puntuación, coma organizador de probas de Liga Galega, aqueles deportistas participantes nas categorías a partires de M-16 ou F-16, incluídas.

## 7. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL

**7. 1. Declararase gañador** de cada categoría ó deportista que obteña a maior puntuación despois de sumar como máximo os seus mellores resultados nas probas en que teña participado, dacordo co disposto no punto 6.2.

**7. 2.** En caso de empate seguiranse os seguintes **criterios de desempate**: situarase primeiro aquel corredor que teña maior cantidade de primeiros postos, en caso de que o empate persista miraranse os segundos postos, e así sucesivamente, tendo en conta que nas probas organizadas se lles outorgará unha posición equivalente á mellor das que obtivera correndo (por exemplo, se tivera unha primeira posición, a carreira organizada valería como outra primeira posición). No caso de que continúe o empate, compararanse as clasificacións das probas en que tiveran coincidido e situarase primeiro o que resultou mellor clasificado máis veces (contabilizaranse tódalas probas disputadas, incluíndo as organizacións).

## 8. CLASIFICACIÓN DA LIGA DE CLUBS

**8. 1.** Estableceranse tres clasificacións desglosadas por idades, a saber: idades previas á categoría absoluta (de alevín a junior), absoluta (comprendendo as categorías elite, M/F-21A, M/F-21B) e veteran (comprendendo as categorías M/F-35, M/F-40, M/F-45 e M/F-50).

**8. 2.** Na clasificación de clubs en idades previas á absoluta, a puntuación total de cada club calcularase sumando a de tódalas probas que compoñen a Liga Galega 2018. Nunha proba, cada club puntuará o total de sumar as 5 mellores puntuacións individuais obtidas polos seus orientadores (incluídas as de organización) no conxunto das categorías establecidas, tendo en conta o contemplado no apartado 6.

**8. 3.** Na clasificación de clubs en categoría absoluta, a puntuación total de cada club calcularase sumando a de tódalas probas que compoñen a Liga Galega 2018. Nunha proba, cada club puntuará o total de sumar as 7 mellores puntuacións individuais obtidas polos seus orientadores (incluídas as de organización) no conxunto das categorías establecidas, tendo en conta o

contemplado no apartado 6, e tendo en conta ademáis que nas categorías M/F-21A aplicarase un coeficiente de 0,8, e nas categorías M/F21B un coeficiente de 0,7.

**8. 4.** Na clasificación de clubs en categoría veterán, a puntuación total de cada club calcularase sumando a de tódalas probas que compoñen a Liga Galega 2018. Nunha proba, cada club puntuará o total de sumar as 7 mellores puntuacións individuais obtidas polos seus orientadores (incluídas as de organización) no conxunto das categorías establecidas, tendo en conta o contemplado no apartado 6.

**8. 5.** Establecerase igualmente unha clasificación adicional por clubs, resultante da suma das tres anteriores.

## 9. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

**9. 1.** Durante a celebración da competición publicaranse os resultados parciais da proba mediante listados ou no tendal de tarxetas, sempre que as condicións o permitan.

**9. 2.** O Club organizador será responsable de enviar na maior brevidade posible unha copia das clasificacións da competición que organizará a tódolos clubs participantes, con inclusión dos parciais, vía web FEGADO.

**9. 3.** A sección de *ranking* publicará en cada unha das probas as puntuacións obtidas polos deportistas ata a presente proba.

## 10. ENVÍO DE RESULTADOS Á SECCIÓN DE *RANKING*

**10. 1.** Os organizadores enviarán os resultados ó responsable do *ranking* en formato dixital, preferentemente en excel, vía correo-e, os días inmediatamente posteriores á proba.

**10. 2.** Na clasificación figurarán claramente identificados nas súas respectivas categorías os corredores con licenza federativa de tempada (competidores e FC), os que teñen licenza de proba (iniciación e FC), e os non presentados, os descalificados e os retirados.

**10. 3.** Na clasificación incluíranse os seguintes datos dos corredores:

- (A) Categoría en que participou o corredor. Incluírase a distancia, o desnivel e o número de controis do correspondente percorrido.
- (B) Número de orde na clasificación. Deben figurar só os corredores con licenza federativa.
- (C) Os dous apelidos completos.
- (D) O nome.
- (E) O nome do club, ou siglas que o identifiquen.
- (F) O tempo invertido polo corredor en realiza-la carreira, expresado en horas, minutos e segundos.
- (G) O número da súa licenza deportiva federativa.
- (H) As observacións que se consideren oportunas.

**10. 4.** Tamén incluírase unha relación dos membros do club que estiveran implicados nas labores de organización, e que obterán a puntuación de organizador segundo se especifica no artigo 6.5.

Os datos remitiranse ó responsable do *ranking*:



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



Nome: Óscar Fernández Otero  
Teléfono móbil: 636 70 44 62  
E-mail: [crisolar@gmail.com](mailto:crisolar@gmail.com)  
Páxina web: <http://fegado.es>

## 11. XURADO TÉCNICO

(Sen contido)

## 12. SUSPENSIÓN DE PROBAS

**12. 1.** O Xuíz Controlador, tras consultar coa organización e coa dirección técnica da FEGADO, poderá suspender total ou parcialmente a celebración dunha proba antes de celebrarse ou nos días anteriores á mesma, sempre que concorran circunstancias que podan poñer en perigo a axeitada celebración da mesma ou a seguridade dos participantes.

**12. 2.** (Sen contido)

**12. 3.** No caso de decretarse a suspensión da proba, o organizador porase inmediatamente en contacto cos clubs, quen serán os únicos responsables de difundir a noticia entre os seus deportistas. O organizador propondrá outra data para a celebración da proba, que terá que ser aprobada polo órgano competente da FEGADO.

**12. 4.** No suposto de suspensión o mesmo día de celebrarse a proba, antes de reunirse os participantes na zona de competición procederáse coa maior celeridade posible, por parte de organizador, o Xuíz Controlador e os clubs, para evitar ós deportistas desprazamentos innecesarios. Se chegan a reunirse os participantes na zona de competición explicaranse as causas de dita suspensión. Neste caso, os participantes poderán solicitar a devolución das cotas efectivamente abonadas, sempre e cando a causa sexa exclusivamente da organización, aspecto sobre o que decidirá o Xuíz Controlador.

**12. 5.** No caso de que non chegue a celebrarse a proba suspendida noutra data posterior, os inscritos terán dereito a que se lles aplique un factor de corrección pola proba suspendida e non celebrada, consonte o disposto na norma 6.4.

## 13. RECLAMACIÓNS

(Sen contido)

## 14. DISPOSICIÓN FINAL

(Sen contido)

## ANEXO 1. CATEGORÍAS E COTAS 2018

### Categorías oficiais:

ALEVÍN M/F-12: nados en 2006-2007.  
INFANTIL M/F-14: nados en 2004-2005.  
CADETE M/F-16: nados en 2002-2003.  
M/F-18: nados en 2000-2001.  
M/F-21: sen límite de idade.  
E: sen límite de idade.  
M/F-35: nados en 1983 e anteriores.  
M/F-40: nados en 1978 e anteriores.  
M/F-45: nados en 1973 e anteriores.  
M/F-50: nados en 1968 e anteriores.

### Cotas de inscrición en probas da Liga Galega:

Federados: 5 euros.  
Non Federados, con licenza de proba e participando en Iniciación Curta: 7 euros.  
Non Federados, con licenza de proba e participando en Iniciación Longa: 9 euros.  
Recargo por inscrición fóra de prazo: 1 euro.  
Reposición de dorsal: 1 euro.



## ANEXO 2. CALENDARIO **XXVII** LIGA GALLEGA O-PE

NÚM.	FECHA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIONES
1	3/2	PEÑA TREVINCA	PARADA DE SIL	LARGA	CAMPEONATO GALLEGO
2	24/2	LICEO	A CORUÑA	SCORE	CAMPEONATO GALLEGO
3	24/3	FLUVIAL	LUGO	MEDIA	URBANA
4	14/4	ARNELA	PORTO DO SON	MEDIA	---
5	9/6	UNIV. VIGO	VIGO	---	---
6	23/6	BUDIÑORAID	---	MEDIA	---
7	22/9	ÁRTABROS	A CAPELA	LARGA	O FORGOSELO
8	6/10	LIMIACTIVA	XINZO DE LIMIA	---	A SAINZA